



CONCELLO DE FISTERRA
Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
C.I.F.: P1503800C
Telf. 981 740 001
info@concellofisterra.com

exp. 2023/G003/000218

DECRETO

ASUNTO: APROBACION DE BASES QUE REXERAN A SELECCION DE 1 PEON FORESTAL - APROL RURAL 2023

EXPEDIENTE: 2023/G003/000218

Relacionado co expediente: 2023/A003/000008

ANTECEDENTES:

Mediante Orde do 9 de xaneiro de 2023, establécense as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol Rural) e se procede a súa convocatoria para o exercicio do ano 2023 (DOG núm. 22, do 1 de febreiro de 2023).

Por resolución da Xefatura Territorial da Consellería de Emprego e Igualdade con sinatura dixital de 19/04/2023, resolvese conceder unha subvención ao concello de Fisterra equivalente aos custos salariais totais das contratacións de persoal temporal baixo a modalidade de contrato de traballo temporal para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, a tempo completo por un período de nove (9) meses, para a realización de funcións e tarefas propias da categoría de peón forestal, entre outras: colaborar no cultivo, reforestación, mantemento e explotación de masas forestais; vixilancia e control de espazos naturais e na prevención de incendios; rozas e actividades de poda, eliminación de residuos, reforestacións, sementado e plantado, abrir e manter camiños forestais, aplicación de produtos fitosanitarios, e praguicidas.

Considerando o disposto no artigo 21-1-g) da Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, RESOLVO:

PRIMEIRO: Aprobar as bases específicas para a contratación en réxime laboral eventual dun/ha traballador/a para a prestación do servizo de peón forestal, que de seguido se indican:

"BASES QUE REXERAN A CONVOCATORIA E O PROCESO DE SELECCIÓN EN RÉXIME LABORAL TEMPORAL DUN/HA TRABALLADOR/A PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO - PEON FORESTAL DO GRUPO DE SERVIZOS MÚLTIPLES - (TR351G APROL RURAL 2023)

1º. Obxecto da convocatoria.

É obxecto da presente convocatoria a contratación laboral temporal dun/ha traballador/a como peón para o desenvolvemento do servizo "Peón forestal do Grupo de Servizos múltiples", subvencionada pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia a través do Programa de fomento do emprego "Aprol rural", mediante resolución de data 19/04/2023.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
C.I.F.: P1503800C
Telf. 981 740 001
info@concellofisterra.com

exp. 2023/G003/000218

2º. Modalidade e duración do contrato.

A contratación realizarase a través da modalidade de contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral no marco dos programas de activación para o emprego, a tempo completo por un período de nove (9) meses.

3º. Funcións

O Servizo de "PEÓN FORESTAL DO GRUPO DE SERVIZOS MÚLTIPLES", ven motivado pola resolución da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, a través do expediente TR351G 2023/44-1, pola que se concede unha subvención para a contratación dun/ha traballador/a ao abeiro da Orde do 9 de xaneiro de 2023 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural) e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2023.

As funcións e tarefas a desempeñar polos/as traballadores/as son as propias da categoría de peón forestal, entre outras: colaborar no cultivo, reforestación, mantemento e explotación de masas forestais; vixilancia e control de espazos naturais e na prevención de incendios; rozas e actividades de poda, eliminación de residuos, reforestacións, sementado e plantado, abrir e manter camiños forestais, aplicación de produtos fitosanitarios e praguicidas.

4º. Requisitos das persoas aspirantes.

Para participar no proceso selectivo as persoas aspirantes deberán reunir os requisitos que a continuación se indican, referidos todos e cada un deles á data de remate do prazo de presentación de solicitudes e deberán mantelos durante todo o proceso:

- a) Ser español ou nacional dalgún dos estados membros da Unión Europea ou nacional dalgún estado en que en virtude dos tratados internacionais realizados pola Unión Europea e ratificados por España sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, nos termos establecidos na normativa vixente.
- b) Ter cumpridos os dezaseis (16) anos de idade e non ter acadado a idade de xubilación forzosa.
- c) Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas obxecto do presente contrato.
- d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades



CONCELLO DE FISTERRA
Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
C.I.F.: P1503800C
Telf. 981 740 001
info@concellofisterra.com

exp. 2023/G003/000218

Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fora separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

e) Non estar incurso/a en causas de incompatibilidade de conformidade co establecido na Lei 53/84 de 26 de decembro do persoal ó servizo das Administracións Públicas.

f) Ser persoa desempregada inscrita no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandante non ocupado/a e estar dispoñible para o emprego.

g) Non ter sido contratado/a por un período igual ou superior a nove meses con cargo ás axudas concedidas no ano 2022 pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade no ámbito de colaboración coas entidades locais e coas entidades sen ánimo de lucro, en materia de políticas activas de emprego, para a contratación de persoas traballadoras desempregadas.

As administracións Públicas, no ámbito das súas competencias, deberán prever a selección dos/as empregados/as públicos/as debidamente capacitados para cubrir os postos de traballo nas Comunidades Autónomas que gocen de dúas linguas oficiais. Para o caso do acceso ao emprego público de nacionais doutros estados, estarase ao disposto no artigo 57 do Estatuto Básico do Emprego Público.

5º. Prazo de presentación de solicitudes.

O proceso selectivo realízase mediante presentación de oferta de emprego ante a oficina do Servizo público de emprego de Cee, co obxecto de dar cumprimento ao establecido no artigo 14.3 da Orde do 9 de xaneiro de 2023 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural) e se procede á súa convocatoria para o ano 2023.

Recibida a lista de persoas candidatas seleccionadas pola Oficina de emprego, procederase á publicación da mesma na páxina web www.concellofisterra.gal, no Taboleiro electrónico e no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello, e os/as candidatos/as disporán dun prazo máximo de cinco (5) días hábiles a contar dende o día seguinte á data da publicación, para presentar a solicitude de participación no proceso selectivo no modelo normalizado que figura como anexo a estas bases.

As instancias dirixiranse ao Sr. Alcalde do Concello de Fisterra e presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de 9.00 a 14.00 horas, situado na rúa Santa Catalina, 1, 15155 Fisterra, A Coruña, ou na forma prevista na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
C.I.F.: P1503800C
Telf. 981 740 001
info@concellofisterra.com

exp. 2023/G003/000218

Administracións Públicas e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

6º. Documentación

Os/as aspirantes ao posto deberán aportar obrigatoriamente a seguinte documentación:

- A solicitude de participación no proceso, no modelo normalizado que figura como anexo a estas bases.
- Copia do documento nacional de identidade.
- Copia da tarxeta de demandante de emprego.

Non se tomarán en conta nin serán avaliados os méritos que non sexan debidamente acreditados, en tódolos seus extremos, no momento de presentación das solicitudes.

7º. Admisión de candidatos/as.

Rematado o prazo de presentación de instancias, a Presidencia da Corporación, ditará resolución na que se aprobará a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as que se publicará na páxina web, no Taboleiro electrónico e no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello. Para reparar ou emendar os defectos que motivasen a exclusión ou omisión da dita lista, as persoas aspirantes disporán dun prazo de un (1) día hábil contado a partir do seguinte ao da publicación da resolución.

Os/as aspirantes que dentro do prazo sinalado non emendasen a exclusión ou non alegasen a omisión, xustificando o seu dereito a seren incluídos na relación de admitidos/as, serán definitivamente excluídos da realización das probas.

De non se presentaren reclamacións dentro deste prazo, a relación de admitidos/as elevarase a definitiva. No caso de que fosen admitidos todas as persoas aspirantes presentadas, poderán ditarse directamente a lista definitiva de admitidos/as, sen prexuízo de que contra a mesma se poderán interpoñer os recursos procedentes en dereito.

No caso de que non o/a candidato/a non presente a acreditación do idioma galego (Celga 1 ou equivalente), non será excluído/a por esta causa. O tribunal comprobará mediante a realización dunha proba oral, o coñecemento da lingua galega. A proba cualificarase como apta ou non apta. No caso de ser cualificado/a como non apto/a, o /a candidato/a quedará automaticamente excluído/a.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
C.I.F.: P1503800C
Telf. 981 740 001
info@concellofisterra.com

exp. 2023/G003/000218

As reclamacións, se as houberse, serán resoltas na resolución pola que se aprobe a lista definitiva que se publicará do mesmo xeito que a provisional. Nesta mesma resolución figurará o lugar e data da celebración das probas da fase de oposición e a composición do tribunal cualificador.

8º. Tribunal cualificador.

O tribunal cualificador estará formado por cinco membros: un presidente, un secretario e tres vogais e quedará integrado polas persoas que designe a Alcaldía.

O tribunal resolverá cantas dúbidas poidan exporse e poderá adoptar os acordos que garantan a boa orde da convocatoria, en todo o non previsto polas presentes bases e normativa aplicable.

9º. Procedemento de selección.

O sistema de selección será en dúas fases: realización dunha proba práctica e valoración de méritos.

Fase 1. Proba práctica. Obrigatoria e eliminatoria.

Proba de coñecemento práctico, obrigatoria e eliminatoria, que terá por obxecto avaliar os coñecementos e habilidades para desenvolver as funcións propias do posto.

Consistirá na realización de dúas probas prácticas:

1. Desbroce manual ou con desbrozadora en zona de maleza durante un tempo máximo de dez minutos.
2. Proba práctica de uso de motoserra durante un tempo máximo de dez minutos.

A valoración máxima total do exercicio práctico é de seis puntos obténdose como a suma máxima da puntuación obtida en cada proba práctica, sendo necesario obter (entre as 2 probas prácticas) un mínimo de tres puntos para superalo.

Fase 2. Valoración de méritos.

O Tribunal reunirse en sesión non pública a efectos de valorar os méritos alegados e debidamente acreditados.



CONCELLO DE FISTERRA
Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
C.I.F.: P1503800C
Telf. 981 740 001
info@concellofisterra.com

exp. 2023/G003/000218

A puntuación máxima total establécese en catro puntos e será o resultado de sumar os méritos que se enumeran no parágrafo seguinte, cos límites que se sinalan para cada un deles.

Serán méritos a valorar nesta fase:

1) Experiencia Profesional. Máximo 2 puntos.

Por servizos prestados en calquera administración ou empresa privada en tarefas relacionadas co posto de traballo ofertado: 0,10 puntos/mes.

A experiencia profesional acreditarase coa presentación do correspondente Informe de vida laboral actualizado e os contratos de traballo ou nóminas.

2) Cursos de formación. Máximo 2 puntos.

Cursos relacionados coa actividade e tarefas do posto de traballo a desenvolver:

- Cursos de menos de 50 horas: 0,10 puntos/curso.
- Cursos de 50 ou máis horas: 0,20 puntos/curso.

10º. Nomeamento.

Unha vez que rematen as dúas fases da selección, o Tribunal proporá o nomeamento do/a aspirante que acadase a maior puntuación, non superando o número máximo de prazas convocadas, quedando os/as demais en reserva, por orde da puntuación obtida.

En caso de empate, a orde de puntuación das persoas candidatas establecerase como segue:

- 1-. Puntuación na fase de valoración de méritos.
- 2-. Puntuación na proba práctica.
- 3-. Puntuación no apartado 1 da valoración de méritos.
- 4-. Se persiste o empate, realizarase un sorteo entre os/as aspirantes empatados/as.

O Alcalde realizará o nomeamento definitivo, mediante decreto, que será publicado no Taboleiro



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
C.I.F.: P1503800C
Telf. 981 740 001
info@concellofisterra.com

exp. 2023/G003/000218

de Anuncios do Concello, no taboleiro electrónico e na páxina web do Concello de Fisterra, formalizando o contrato laboral o primeiro día hábil seguinte á súa notificación.

O tribunal queda facultado para resolver todo tipo de dúbidas que poidan presentarse durante o desenvolvemento das probas.

11º. Recursos.

Esta convocatoria, as súas bases e cantos actos administrativos se deriven delas ou da actuación do tribunal, poderán ser impugnados polos/as interesados/as nos casos e na forma establecida nas Leis 39/2015, de 1 de outubro, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas e 40/2015, de 1 de outubro, de Régimen Jurídico del Sector Público.

ANEXO I

1.- POSTO DE TRABALLO A QUE ASPIRA: PEÓN FORESTAL		
2.- CONVOCATORIA: PROCESO DE SELECCIÓN "PEÓN FORESTAL APROL RURAL 2023"		
3.- DATOS PERSOAIS:		
NOME		DNI
DOMICILIO		
MUNICIPIO	PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL
TELÉFONO	CORREO ELECTRÓNICO	

O abaixo asinante solicita ser admitido/a ó concurso-oposición a que se refire a presente instancia e declara:

- Que son certos os datos obrantes nela.
- Que ten coñecemento e acepta na súa totalidade o contido das bases que regulan este proceso selectivo.
- Que cumpre coa totalidade dos requisitos tanto xerais como específicos establecidos no apartado 4º Requisitos das persoas aspirantes.



CONCELLO DE FISTERRA
Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
C.I.F.: P1503800C
Telf. 981 740 001
info@concellofisterra.com

exp. 2023/G003/000218

- Ser persoa desempregada inscrita no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandante non ocupado/a e estar dispoñible para o emprego.
- Non ter sido contratado/a por un período igual ou superior a nove meses con cargo ás axudas concedidas no ano 2022 pola Consellería de Emprego e Igualdade no ámbito de colaboración coas entidades locais e coas entidades sen ánimo de lucro, en materia de políticas activas de emprego, para a contratación de persoas traballadoras desempregadas.

En Fisterra, a ____ de _____ de 2023

Sinatura

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE FISTERRA (A CORUÑA)

SEGUNDO. Visto o informe emitido polo secretario - interventor accidental, de data 2/05/2023, que consta no expediente, de natureza desfavorable, faise necesario levantar as observacións realizadas en base ao seguinte:

- No que toca coa publicación das bases, e tendo en conta que se publican na páxina web municipal (www.concellofisterra.gal) e no taboleiro electrónico (sede.concellofisterra.gal) queda superada a limitación territorial que ofrecía a exposición no taboleiro de edictos tradicional e queda garantida a maior publicidade, ao ter acceso á devandita publicación a poboación en xeral.
- Polo que respecta aos prazos de presentación de instancias, faise obrigado reducilos de 10 a 5 días hábiles pola esixencia da Consellería de Emprego e Igualdade para formalizar o contrato como data límite o 19/05/2023.

TERCEIRO. Publicar as bases na páxina web do concello e no taboleiro electrónico, coa finalidade de que os interesados/as en participar neste procedemento, presenten as instancias nun prazo de cinco (5) días a contar desde o día seguinte ao de publicación das bases e do anuncio de candidatos remitidos polo Servizo Público de Emprego, na páxina web municipal e no taboleiro electrónico deste concello.

CUARTO. Dar conta desta resolución ao pleno da corporación na seguinte sesión que se celebre.

Mandouno e asina o Sr. Alcalde en Fisterra, a martes 2 de maio de 2023, do que eu, como secretario, certifico.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
C.I.F.: P1503800C
Telf. 981 740 001
info@concellofisterra.com

exp. 2023/G003/000218

O ALCALDE,

José Marcote Suárez

ANTE MIN

O SECRETARIO-INTERVENTOR ACCIDENTAL,

Juan Carlos Carril Pérez